

RELATORIO PARA A REVISIÓN PERIÓDICA UNIVERSAL SOBRE DISCRIMINACIÓNS E ATAQUES ÁS LINGUAS DIFERENTES DO CASTELÁN NO ESTADO ESPAÑOL.

RELATORIO SOBRE O GALEGO

1) Administración.

Na administración, de maneira xeral, é onde están acontecendo os maiores retrocesos para o galego nos últimos tempos, en parte porque é a primeira responsábel da protección e promoción da nosa lingua, mais tamén porque os gobernos estatal, galego e algúns locais están a deixar de pór en práctica medidas de protección para o galego, ou a aplicaren directamente medidas que implican na práctica claros retrocesos. Así, nos últimos meses vimos como partindo dos artigos 2 e 36.4 da Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 31 de marzo de 2004 sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (DO L134 de 30-4-2004, p. 1 14) e no principio de non discriminación establecido no Tratado da UE, o goberno galego indica ás administracións locais que deben publicar os seus pregos de contratación nunha lingua oficial da UE, o que na práctica vén significar que os pregos se publicarán en castelán e non en galego, como se viña facendo até agora en moitos casos. Polo tanto, neste caso observamos que a lexislación europea, polo feito de o galego non ser unha lingua oficial da UE, implica un retroceso nos dereitos dos cidadáns e entra tamén en contradición coa Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias no seu artigo 10.

2) Ensino.

Este é seguramente o ámbito onde máis retrocesos e máis importantes se están a dar nos últimos tempos en Galiza, tanto por acción do Goberno galego como do Estado. A día de hoxe, o ensino segue conducindo a unha perda moi elevada de galegofalantes no canto de frear o proceso de substitución lingüística.

A derogación do decreto de 2007, que pretendía garantir unha presenza do 50% do galego como lingua vehicular no ensino non universitario, substituíndoo polo mal

chamado “Decreto de plurilingüismo” (que en teoría reduce esta presenza a un 33%, aínda que na práctica na maioría dos centros a porcentaxe de materias ministradas en galego é aínda menor) supuxo un fito por ser o propio Goberno galego quen lexislaba, por primeira vez desde a ditadura,

Hoxe en día é imposíbel garantir o ensino en galego nas primeiras etapas, e no Ensino Obrigatorio a lexislación aprobada polo Estado (Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa) vai supor a partir do curso próximo unha grave situación de inferioridade das linguas cooficiais dentro do currículo.

3) Xustiza.

No eido da xustiza incúmprese sistematicamente a Carta europea das linguas minoritarias. De todas as notificacións e resolucións xudiciais que saen dos xulgados, as que se redactan en galego non superan o cinco por cento. A esta privación xeneralizada do dereito dos cidadáns a seren correspondidos no emprego da lingua galega nas súas relacións coa administración de xustiza contribúe, por unha banda, a negativa da maioría dos membros do poder xudicial e do ministerio fiscal a empregaren a lingua galega no desempeño das súas funcións.

4) Sanidade.

Neste ámbito tamén cada vez se fai máis complicado, nomeadamente desde a entrada do PP no goberno galego, a atención sanitaria na lingua da elección do paciente. Constátase en casos concretos como a imposibilidade de recibir a documentación do consentimento do paciente para as probas na lingua propia ou negativas a atender pacientes que falan galego.

ALGÚNS EXEMPLOS DENUNCIADOS POLA MESA:

Ensino:

10/10/2012

Só o 3% dos centros de educación infantil das cidades imparten ensino en galego.

Administración:

29/11/2013

O Goberno español nega unha bolsa predoctoral por entregar o certificado de estudos en galego.

09/08/2013

Presións da Deputación da Coruña para que un funcionario non use o galego no traballo

11/04/2012

Si haces la prueba en gallego no te la corregimos

Forzas de Orde Pública:

21/05/2013

Ameazas de sanción polo uso do galego

Saúde:

26/07/2012

Doutora do SERGAS exixiu familiares que non falasen galego na súa propia casa.

04/03/2013

Un paciente do Sergas é obrigado a retrasar unhas probas por solicitar documentación en galego

Xustiza:

20/06/2012

Un xulgado de Vigo ameaza con non aditir unha demanda en gaelgo se non se presenta cunha tradución xurada ao castelán.